



SEMINARIO DE MANEXO DAS ENFERMIDADES EN GANDERÍA ECOLÓXICA

Graxa Gayoso Castro
Castro de Riberas de Lea
Sábado, 30 de Novembro
10:00-14:00 h

Solicita información e insíbete en:

Teléfono: 982246762
(horario 9-14h e de 16-20h)
www.planintegralgandeiro.info
pigandeiro@deputacionlugo.org

POTENCIACIÓN DA GANDERÍA ECOLÓXICA NA PROVINCIA DE LUGO

Este seminario inclúese no Plan Integral para o Desenvolvemento Sostible do Sector Agrícola, Gandeiro e Agroforestal, enmarcado no proxecto LugO2 Provincial da Deputación de Lugo.

Os asistentes a este seminario coñecerán de qué modo sería posible traballar en gandería ecolóxica e coidar un dos aspectos clave na rendibilidade das explotacións: o control sanitario.

Neste caso estudarase o manexo de enfermidades habituais na produción de gandería ecolóxica de leite, cómo actuar preventivamente e cómo o control destas enfermidades é importante para a calidade da produción.

Expoñerán os asistentes os seus casos particulares ós ponentes, as súas dúbidas e discutiránse as problemáticas das explotacións para a súa reconversión ó sistema de produción ecolóxica, ou aquelas xa certificadas, para que os ponentes poidan opinar sobre o modo de tratar ós animais de explotacións lácteas ecolóxicas.

Chaves para o manexo das enfermidades de produción na gandería ecolóxica de leite

Para o mantemento dos tres piares básicos nos que se sustenta a gandería ecolóxica, calidade medioambiental e desenvolvemento sostible, saúde e benestar animal, e calidade de produtos, é necesario integrar todos estes aspectos nas rutinas de manexo da explotación gandeira que van máis alá da solución dos problemas de carácter clínico ou agudo que se plantexan nunha granxa convencional.

A gandería ecolóxica, como modelo de desenvolvemento sostible, ten unha xestión diferencial na medicina preventiva e/ou control de procesos patolóxicos, onde as medidas de manexo sanitario son clave para manter a saúde do rabaño. Estas medidas de manexo sanitario será o centro da ponencia.

Ponente: Isabel Blanco Penedo
(Institut de Recerca i Tecnologia Agroalimentàries (IRTA))

Coordinador: Javier Villanueva
(Xerente de Agronovo Ecoloxia, S.L.)

